



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 299 · Sábado, 31 decembro 2005

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE		I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	
Curso de Inglés Informático para Persoal da Administración Local .....	1	Curso de Inglés Informático para Personal de la Administración Local ...	3
IV. ENTIDADES LOCAIS		IV. ENTIDADES LOCALES	
Celanova		Celanova	
Información pública da licenza de obra para construción dunha corte de gando ovino .....	6	Información pública de la licenza de obra para construción de un establo de ganado ovino .....	6
Muíños		Muíños	
Aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia e a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do dito servizo .....	6	Aprobación definitiva del Reglamento de régimen interior del Punto de Atención a la Infancia y la Ordenanza fiscal reguladora del precio público por la prestación do dicho servizo .....	9
Ourense		Ourense	
Notificación a Afema, SA e outros de débedas polo IBI .....	12	Notificación a Afema, SA y otros de deudas por el IBI .....	12
Notificación a Obras, Promociones y Construcciones Campus, SL .....	13	Notificación a Obras, Promociones y Construcciones Campus, SL .....	14
Información pública do expediente 3565/2005 de solicitude de licenza municipal para matadoiro de aves .....	14	Información pública del expediente 3565/2005 de solicitud de licenza municipal para matadero de aves .....	15
Información pública do expediente 3457/2005 de solicitude de licenza municipal para centro de xogos infantís .....	15	Información pública del expediente 3457/2005 de solicitud de licenza municipal para centro de juegos infantís .....	15
Pereiro de Aguiar (O)		Pereiro de Aguiar (O)	
Aprobación definitiva de expedientes de imposición e modificación de ordenanzas fiscais .....	15	Aprobación definitiva de expedientes de imposición y modificación de ordenanzas fiscales .....	23
Toén		Toén	
Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos .....	32	Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación del servizo de recogida de basura e residuos sólidos urbanos .....	32
Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola distribución de auga .....	33	Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la distribución de auga .....	34
Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio económico de 2006 .....	34	Aprobación definitiva del presupuesto general para el exercicio económico de 2006 .....	35

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

##### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Introdución.- A Excm. Deputación Provincial de Ourense, no marco do Terceiro Acordo de Formación Continua nas Administracións Públicas, deseñou para o ano 2005 un novo Programa provincial de formación continua, de carácter agrupado, destinado á realización de diversas accións formativas dirixidas ó persoal da Administración local desta provincia. Para os efectos de executa-los cursos enmarcados no citado plano de formación continua, aprobado pola Comisión Xeral para a Formación Continua na súa sesión do 22 de abril de 2005 e subvencionado polo Ministerio de Administracións Públicas, segundo a Resolución do 31 de maio de 2005 do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE n.º 144, do 17 de xuño), é necesario que se faga pública a súa iniciación e o seu desenvolvemento; por tal motivo, esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, resolve:

Primeiro.- Convoca-lo seguinte curso de formación continua:  
Curso de Inglés Informático para Persoal da Administración Local

Segundo.- Ordena-la publicación no BOP da presente convocatoria, bases e anexos.

As características e mailos contidos do curso detállanse no anexo I desta resolución. O curso desenvolverase de acordo coas seguintes

Bases xerais:

Primeira.- Solicitudes de participación.

1.- O persoal que desexe participar neste curso de formación presentará cuberta, en tódolos epígrafes que lle corresponda, a instancia segundo o modelo oficial de solicitude de inscrición publicada no anexo II, así como unha copia do diploma ou certificado acreditativo de ter realizado con bo aproveitamento o Curso de Inglés Básico para Persoal da Administración Local ou outro equivalente.



2.- Os solicitantes deberán ter uns coñecementos básicos e mínimos de inglés, e de non acreditado documentalmente, terán que superar unha proba de acceso ó curso para verificalo seu nivel de coñecementos.

3.- Tódalas instancias deberán contar co correspondente informe, sobre a asistencia ó curso, do/a xefe/a do servizo ou departamento ó que pertenza o/a solicitante, para os efectos, entre outros, de confirma-la súa condición de traballador da Administración local.

4.- A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado e á imposibilidade de participar en ningunha outra actividade formativa convocada durante o ano 2005.

5.- As solicitudes de participación deberán remitirse ó Negociado de Formación da Deputación Provincial:

- Por fax: 988 385 215.
- Por correo: Centro Cultural Deputación Ourense. Progreso, 30; 32003, Ourense.
- Presentando a solicitude no rexistro xeral da Deputación Provincial.
- De calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.- A presentación dunha solicitude supón a aceptación expresa das bases xerais e das normas específicas de participación e asistencia que rexen e regulan as diferentes accións formativas da Deputación de Ourense.

Segunda.- Acceso ás actividades.

1.- Poderá participar nesta actividade o persoal da Administración local en activo ó que vai dirixido o curso como destinatario da acción formativa, e que cumpra os requisitos específicos esixidos na convocatoria.

2.- Daráselles preferencia para accederen ó curso ós traballadores das entidades locais adheridas ó Programa provincial de formación continua da Deputación de Ourense do ano 2005.

Terceira.- Selección dos participantes.

1.- Os criterios que se aplicarán para a selección dos participantes son:

\* A clase de persoal á que pertenza o solicitante, así como o seu grupo/categoría profesional, dando preferencia ó persoal fixo sobre o contratado.

\* A relación existente entre as funcións ou tarefas que realiza o solicitante no seu posto de traballo e a materia ou contidos obxecto do curso.

\* A data de ingreso do traballador na Administración local, dando preferencia ó persoal de maior antigüidade no acceso ó curso.

\* O nivel de coñecementos de inglés acreditados polo solicitante do curso.

2.- Ó realiza-la selección dos participantes procurarase que estean representados entre os solicitantes admitidos o maior número posible de entidades locais da provincia adheridas ó plano de formación.

3.- Cando dende unha mesma entidade local, departamento ou servizo se remitan varias solicitudes, se fose preciso realizar unha selección dos participantes, rematado o prazo de presentación de solicitudes os responsables do persoal de cada departamento, servizo ou entidade local deberán de informar por escrito, cando así se lles requira, sobre a priorización da admisión dos solicitantes.

4.- A lista de seleccionados exporase oficialmente no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias; ó mesmo tempo, os solicitantes poderán obter confirmación da súa admisión chamando

ó teléfono n.º 988 385 142 ou consultando na páxina web: [www.depourense.es/web/formacion.htm](http://www.depourense.es/web/formacion.htm).

5.- Dende a Deputación Provincial poderá comunicárselles telefonicamente ós seleccionados a súa admisión, co fin de obte-la confirmación sobre a súa participación na acción formativa. Os solicitantes admitidos que non comuniquen a súa non asistencia como mínimo cun día de antelación ó inicio do curso, sen causa excepcional que o xustifique, quedarán excluídos de participar en calquera outra actividade de formación durante o presente ano.

Cuarta.- Diplomas e certificacións de asistencia.

1.- Outorgaráselle-lo correspondente diploma ós alumnos que participen con regularidade e bo aproveitamento no desenvolvemento do curso e que superen satisfactoriamente as probas de avaliación do curso. Os alumnos, que tendo asistido con regularidade e participado no curso, non superen satisfactoriamente as probas de avaliación, obterán un certificado que acreditará a súa asistencia á citada acción formativa.

2.- É obrigatoria a asistencia e a puntualidade a tódalas sesións do curso. Toda non asistencia á clase deberá ser xustificada debidamente polo interesado sen excede-lo 15% das horas lectivas do curso; unha non asistencia superior ó 15% aínda que sexa xustificada, impedirá a expedición do certificado de asistencia ou do diploma de aproveitamento correspondente.

Quinta.- Modificacións.

A Deputación de Ourense poderá variar, se fose preciso e a favor da eficacia da acción formativa, as características e maiolos contidos do curso para adaptalos ás necesidades da administración ou ás distintas contingencias que poidan xurdir.

#### Anexo I

Curso de Inglés Informático para Persoal da Administración Local

1.- Destinatarios.

\* Persoal da Administración local, con nivel básico de inglés, que necesite unha introdución neste idioma nos conceptos elementais das novas tecnoloxías informáticas.

\* Persoal ó servizo das corporacións locais con funcións técnicas ou administrativas e con postos que requiran a comprensión e o manexo de termos básicos en lingua inglesa.

\* Persoal das entidades locais da provincia dos servizos de información e atención ó público.

2.- Desenvolvemento.

2.1.- Duración: 25 horas lectivas.

2.2.- Horario de clases: de 17:00 a 19:30 horas, luns, mércores e xoves.

2.3.- Lugar: Centro Cultural Deputación Ourense (Progreso, 30. Ourense).

2.4.- Prazas: 25 participantes.

2.5.- Número de edicións: unha.

3.- Obxectivos.

\* Formar ós participantes na aprendizaxe e no uso da lingua inglesa para que sexan capaces de traslada-la aplicación dos seus coñecementos deste idioma ós seus respectivos postos de traballo.

\* Desenvolver novas capacidades comunicativas e sensibilizar ós traballadores sobre a importancia do coñecemento doutras linguas para o traballo en certas áreas das entidades locais.

\* Mellora-la preparación lingüística e a comprensión, tanto auditiva como oral, dos empregados da Administración local, para potenciar tanto a súa capacidade de comunicación e información, como a súa eficacia persoal en conxunto.

\* Promove-lo desenvolvemento entre os participantes, de novas habilidades lingüísticas no contexto da informática e das novas tecnoloxías da información en lingua inglesa, facendo



especial fincapé na lectura, audición, conversa e escritura, por esta orde.

\* Contribuír a facilita-la adquisición de coñecementos prácticos por parte dos asistentes sobre como escribir un correo electrónico, editar un documento, envíalo por internet, ou achegar arquivos, todo isto na lingua obxecto de estudo.

\* Aprender a manexar aspectos da lingua falada e escrita para dar e pedir información nas diversas situacións da vida real, tales como: organizar unha viaxe e pedi-los billetes on-line; solicitar a unha empresa que nos envíe por internet documentos necesarios; establecer comunicación coa administración dun país de fala inglesa...

\* Amplia-lo vocabulario e perfecciona-la capacidade de expresión oral e escrita dos participantes para que sexan capaces de desenvolverse a nivel elemental nas situacións nas que puideran verse envoltos na súa actividade profesional.

4.- Programa.

4.1. Vocábulos e expresións máis frecuentes no manexo dos ordenadores.

4.2. Editar, formatear e corrixir un documento.

4.3. Estrutura dun e-mail: expresións de encabezamento e despedida.

4.4. Diferentes tipos de correos electrónicos.

4.4.1. Formais: de traballo, de negocios, a compañías de viaxes, a empresas técnicas,...

4.4.2. Informais: persoais, amigables,...

4.5. Manter correspondencia electrónica.

4.5.1. Achegar un arquivo.

4.5.2. Interpretar unha descarga de responsabilidade.

4.6. Planificar unha viaxe: verificar a información a través do correo electrónico e vía internet.

4.7. Multiconferencia; videoconferencia.

4.7.1. Comparar cunha reunión presencial.

4.7.2. Vantaxes e inconvenientes.

4.8. Conexión on-line.

4.9. Redactar un currículo a nivel básico: falar sobre cualificacións profesionais e experiencia laboral.

5.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes para participar neste curso será de 20 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria.

Ourense, 3 de decembro de 2005. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar

Introducción.- La Excm. Diputación Provincial de Ourense, en el marco del Tercer Acuerdo de Formación Continua en las Administraciones Públicas, diseñó para el año 2005 un nuevo Programa provincial de formación continua, de carácter agrupado, destinado a la realización de diversas acciones formativas dirigidas al personal de la Administración local de esta provincia. A los efectos de ejecutar los cursos enmarcados en el citado plan de formación continua, aprobado por la Comisión General para la Formación Continua en su sesión del 22 de abril de 2005 y subvencionado por el Ministerio de Administraciones Públicas, según la Resolución del 31 de mayo de 2005 del Instituto Nacional de Administración Pública (BOE n.º 144, de 17 de junio), es necesario que se haga pública su inicio y su desarrollo; por tal motivo, esta Presidencia, en uso de las atribuciones que le confiere el artículo 34 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, resuelve:

Primero.- Convocar el siguiente curso de formación continua: Curso de Inglés Informático para Personal de la Administración Local

Segundo.- Ordenar la publicación en el BOP de la presente convocatoria, bases y anexos.

Las características y los contenidos del curso se detallan en el anexo I de esta resolución. El curso se desarrollará de acuerdo con las siguientes

Bases generales:

Primera.- Solicitudes de participación.

1.- El personal que desee participar en este curso de formación presentará cubierta, en todos los epígrafes que le corresponda, la instancia según el modelo oficial de solicitud de inscripción publicada en el anexo II, así como una copia del diploma o certificado acreditativo de haber realizado con buen aprovechamiento el Curso de Inglés Básico para Personal de la Administración Local u otro equivalente.

2.- Los solicitantes deberán tener unos conocimientos básicos y mínimos de inglés, y de no acreditarlo documentalmente, tendrán que superar una prueba de acceso al curso para verificar su nivel de conocimientos.

3.- Todas las instancias deberán contar con el correspondiente informe, sobre la asistencia al curso, del jefe del servicio o departamento al que pertenezca el/la solicitante, para los efectos, entre otros, de confirmar su condición de trabajador de la Administración local.

4.- La falsedad u ocultación de datos esenciales para la selección de los aspirantes dará lugar a la exclusión automática del curso solicitado y a la imposibilidad de participar en ninguna otra actividad formativa convocada durante el año 2005.

5.- Las solicitudes de participación deberán remitirse al Negociado de Formación de la Diputación Provincial:

- Por fax: 988 385 215.

- Por correo: Centro Cultural Deputación Ourense. Progreso, 30; 32003, Ourense.

- Presentando la solicitud en el registro general de la Diputación Provincial.

- De cualquiera de las formas establecidas en el artículo 38 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y de procedimiento administrativo común.

6.- La presentación de una solicitud supone la aceptación expresa de las bases generales y de las normas específicas de participación y asistencia que rigen y regulan las diferentes acciones formativas de la Diputación de Ourense.

Segunda.- Acceso a las actividades.

1.- Podrá participar en esta actividad el personal de la Administración local en activo al que vaya dirigido el curso como destinatario de la acción formativa, y que cumpla los requisitos específicos exigidos en la convocatoria.

2.- Se les dará preferencia para acceder al curso a los trabajadores de las entidades locales adheridas al Programa Provincial de Formación Continua de la Diputación de Ourense del año 2005.

Tercera.- Selección de los participantes.

1.- Los criterios que se aplicarán para la selección de los participantes son:

\* La clase de personal al que pertenezca el solicitante, así como su grupo/categoría profesional, dando preferencia al personal fijo sobre el contratado.

\* La relación existente entre las funciones o tareas que realiza el solicitante en su puesto de trabajo y la materia o contenidos objeto del curso.

\* La fecha de ingreso del trabajador en la Administración local, dando preferencia al personal de mayor antigüedad en el acceso al curso.



\* El nivel de conocimientos de inglés acreditados por el solicitante del curso.

2.- Al realizar la selección de los participantes se procurará que estén representados entre los solicitantes admitidos el mayor número posible de entidades locales de la provincia adheridas al plan de formación.

3.- Cuando desde una misma entidad local, departamento o servicio se remitan varias solicitudes, y fuese necesario realizar una selección de los participantes, finalizado el plazo de presentación de solicitudes los responsables del personal de cada departamento, servicio o entidad local deberán de informar por escrito, cuando así se les requiera, sobre la priorización de la admisión de los solicitantes.

4.- La lista de seleccionados se expondrá oficialmente en el tablón de anuncios de la Diputación Provincial, una vez finalizado el plazo de presentación de instancias; al mismo tiempo, los solicitantes podrán obtener confirmación de su admisión llamando al teléfono n.º 988 385 142 o consultando en la página web: [www.depourense.es/web/formacion.htm](http://www.depourense.es/web/formacion.htm).

5.- Desde la Diputación Provincial se les podrá comunicar telefónicamente a los seleccionados su admisión, con el fin de obtener la confirmación sobre su participación en la acción formativa. Los solicitantes admitidos que no comuniquen su no asistencia como mínimo con un día de antelación al inicio del curso, sin causa excepcional que lo justifique, quedarán excluidos de participar en cualquier otra actividad de formación durante el presente año.

Cuarta.- Diplomas y certificaciones de asistencia.

1.- Se otorgará el correspondiente diploma a los alumnos que participen con regularidad y buen aprovechamiento en el desarrollo del curso y que superen satisfactoriamente las pruebas de evaluación del curso. Los alumnos, que habiendo asistido con regularidad y participación en el curso, no superen satisfactoriamente las pruebas de evaluación, obtendrán un certificado que acreditará su asistencia a la citada acción formativa.

2.- Es obligatoria la asistencia y la puntualidad a todas las sesiones del curso. Toda no asistencia a clase deberá ser justificada debidamente por el interesado sin exceder el 15% de las horas lectivas del curso; una no asistencia superior al 15% aunque sea justificada, impedirá la expedición del certificado de asistencia o del diploma de aprovechamiento correspondiente.

Quinta.- Modificaciones.

La Diputación de Ourense podrá variar, si fuese preciso y en favor de la eficacia de la acción formativa, las características y los contenidos del curso para adaptarlos a las necesidades de la administración o a las distintas contingencias que puedan surgir.

#### Anexo I

Curso de Inglés Informático para Personal de la Administración Local

1.- Destinatarios.

\* Personal de la Administración local, con nivel básico de inglés, que necesite una introducción en este idioma en los conceptos elementales de las nuevas tecnologías informáticas.

\* Personal al servicio de las corporaciones locales con funciones técnicas o administrativas y con puestos que requieran la comprensión y el manejo de términos básicos en lengua inglesa.

\* Personal de las entidades locales de la provincia de los servicios de información y atención al público.

2.- Desarrollo.

2.1.- Duración: 25 horas lectivas.

2.2.- Horario de clases: de 17:00 a 19:30 horas, lunes, miércoles y jueves.

2.3.- Lugar: Centro Cultural Deputación Ourense (Progreso, 30. Ourense).

2.4.- Plazas: 25 participantes.

2.5.- Número de ediciones: una.

3.- Objetivos.

\* Formar a los participantes en el aprendizaje y en el uso de la lengua inglesa para que sean capaces de trasladar la aplicación de sus conocimientos de este idioma a sus respectivos puestos de trabajo.

\* Desarrollar nuevas capacidades comunicativas y sensibilizar a los trabajadores sobre la importancia del conocimiento de otras lenguas para el trabajo en ciertas áreas de las entidades locales.

\* Mejorar la preparación lingüística y la comprensión, tanto auditiva como oral, de los empleados de la Administración local, para potenciar tanto su capacidad de comunicación e información, como su eficacia personal en conjunto.

\* Promover el desarrollo entre los participantes, de nuevas habilidades lingüísticas en el contexto de la informática y de las nuevas tecnologías de la información en lengua inglesa, haciendo especial hincapié en la lectura, audición, conversación y escritura, por este orden.

\* Contribuir a facilitar la adquisición de conocimientos prácticos por parte de los asistentes sobre cómo escribir un correo electrónico, editar un documento, enviarlo por internet, o acercar archivos, todo ello en la lengua objeto de estudio.

\* Aprender a manejar aspectos de la lengua hablada y escrita para dar y pedir información en las diversas situaciones de la vida real, tales como: organizar un viaje y pedir los billetes on-line; solicitar a una empresa que nos envíe por internet documentos necesarios; establecer comunicación con la administración de un país de habla inglesa...

\* Ampliar el vocabulario y perfeccionar la capacidad de expresión oral y escrita de los participantes para que sean capaces de desenvolverse a nivel elemental en las situaciones en las que pudieran verse envueltos en su actividad profesional.

4.- Programa.

4.1. Voces y expresiones más frecuentes en el manejo de los ordenadores.

4.2. Editar, formatear y corregir un documento.

4.3. Estructura de un e-mail: expresiones de encabezamiento y despedida.

4.4. Diferentes tipos de correos electrónicos.

4.4.1. Formales: de trabajo, de negocios, a compañías de viajes, a empresas técnicas,...

4.4.2. Informales: personales, amigables,...

4.5. Mantener correspondencia electrónica.

4.5.1. Acercar un archivo.

4.5.2. Interpretar una descarga de responsabilidad.

4.6. Planificar un viaje: verificar la información a través del correo electrónico y vía internet.

4.7. Multiconferencia; videoconferencia.

4.7.1. Comparar con una reunión presencial.

4.7.2. Ventajas e inconvenientes.

4.8. Conexión on-line.

4.9. Redactar un currículum a nivel básico: hablar sobre cualificaciones profesionales y experiencia laboral.

5.- Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo de presentación de las solicitudes para participar en este curso será de 20 días naturales contados a partir de la publicación de esta convocatoria.

Ourense, 3 de diciembre de 2005. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.



## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS (SOLICITUD DE INSCRIPCIÓN EN LAS ACCIONES FORMATIVAS)

<b>1.- TÍTULO DA ACCIÓN FORMATIVA / TÍTULO DE LA ACCIÓN FORMATIVA</b>		<b>EDICIÓN / EDICIÓN</b>	
<b>2.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE / DATOS PERSONALES DEL SOLICITANTE</b>			
Apelidos: Apellidos:		Nome: Nombre:	NIF:
Enderezo: Dirección:		Localidade: Localidad:	
Provincia: Provincia:	C.P.:	Tfno.: Teléfono:	Móbil: Móvil:
<b>3.- DATOS ADMINISTRATIVOS</b>			
Clase de persoal / Clase de personal:		Grupo	Nivel
<input type="checkbox"/> Funcionario <input type="checkbox"/> F. interino <input type="checkbox"/> Laboral fixo <input type="checkbox"/> Laboral temporal		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D <input type="checkbox"/> E	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>
Posto de traballo: Puesto de trabajo:		Data de ingreso na administración: Fecha de ingreso en la administración: Día / Mes / Ano Día / Mes / Año	
Entidade de pertenza: Entidad a la que pertenece:		Servizo: Servicio:	
Enderezo do posto de traballo: Dirección del puesto de trabajo:		Localidade: Localidad:	
Provincia:	Tfno.:	Fax:	E-mail:
<b>4.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE / DECLARACIÓN-SOLICITUD</b>			
<p>- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente solicitude e solicito participar no curso ou actividade de referencia.</p> <p>- Declaro, bajo mi responsabilidad, que conozco las bases de la convocatoria y que son ciertos los datos que figuran en la presente solicitud y solicito participar en el curso o actividad de referencia.</p> <p style="text-align: right;">....., ..... de ..... de .....</p> <p style="text-align: right;">Sinatura / Firma .....</p>			
<b>5.- INFORME DO XEFE DO SERVIZO / INFORME DEL JEFE DEL SERVICIO</b>			
<p>- Vista a solicitude e o interese para o servizo emítese informe / Vista la solicitud y el interés para el servicio se emite informe:</p> <p style="text-align: center;"> <input type="checkbox"/> Favorable                      Sobre a asistencia ó curso ou actividade solicitada  <input type="checkbox"/> Desfavorable                      Sobre la asistencia al curso o actividad solicitada       </p> <p style="text-align: center;">Lugar e data / Lugar y fecha                      Sinatura do órgano informante / Firma del órgano informante</p> <p style="text-align: center;">Selo do servizo / Sello del servicio                      Asdo. / Fdo.: .....</p>			
<p><b>AVISO CONFIDENCIALIDADE:</b> O tratamento dos datos de carácter persoal está suxeito ó establecido na LEY ORGÁNICA 15/1999, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL, e no resto da normativa de aplicación. Os datos recollidos trasladaranse informáticamente ou archivaranse co consentimento do cidadán, que ten dereito a decidir quen pode ter os seus datos, para que os usa, solicitar que estes sexan exactos e que se utilicen para o fin para que se recollen, coas excepcións previstas na lexislación vixente.</p> <p><b>AVISO CONFIDENCIALIDAD:</b> El tratamiento de los datos de carácter personal está sujeto a lo establecido por la LEY ORGÁNICA 15/1999, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL y demás normativa de aplicación. Los datos que se recojan se trasladarán informáticamente o se archivarán con el consentimiento del ciudadano, quien tiene derecho a decidir quién puede tener sus datos, para qué los usa, solicitar que los mismos sean exactos y que se utilicen para la finalidad que se recogen, con las excepciones contempladas en la legislación vigente.</p>			



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Celanova

###### Edicto

D. Abelardo Mosquera Seoane, en representación de Co. Hnos. Mosquera, solicitou desta Alcaldía a licenza de obra para a construción dunha corte de gando ovino, como parte da explotación xa existente no lugar de Cerdedo, Parroquia de San Jorge de Acevedo, e unha vez obtida autorización previa da Comunidade Autónoma en solo rústico, prevista no artigo 41 da Lei 9/2002, admítase a trámite esta conforme co artigo 30 do Regulamento do 30 de novembro de 1961 (modificado por Decreto 3494/1964, de 5 de novembro, BOE do día 6) e artigo 4º, 4ª da Instrución do 15 de marzo de 1963.

Queda aberta a información pública polo prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poidan face-las observacións pertinentes, para o que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos. Ademais efectuarase notificación persoal ós veciños inmediatos ó lugar de emprazamento proposto.

Xuntaranse ó expediente as reclamacións ou observacións que se presenten, someteranse a informe do xefe provincial de Sanidade, mesmo que ó arquitecto municipal, que o emitirán por separado no prazo máximo de dez días naturais.

Á vista destes antecedentes, a Corporación Municipal deberá incorporar ó expediente o seu informe, conforme co apartado c), número 2, artigo 30, do regulamento citado.

Unha vez completo o expediente, coa solicitude e os seus documentos anexos, co resultado da información pública e cos informes dos técnicos correspondentes e o da Corporación Municipal, remitirase todo, inmediatamente, á Comisión Provincial de Medio Ambiente para o trámite de cualificación.

Celanova, 9 de decembro de 2005. O alcalde.

###### Edicto

D. Abelardo Mosquera Seoane, en representación de Coop. Hnos. Mosquera, solicitó de esta Alcaldía la licencia de obra para la construcción de un establo de ganado ovino, como parte de la explotación ya existente en el lugar de Cerdedo, Parroquia de San Jorge de Acevedo, y una vez obtenida autorización previa de la Comunidad Autónoma en suelo rústico, prevista en el artículo 41 de la Ley 9/2002, se admite a trámite ésta conforme al artículo 30 del Reglamento de 30 de noviembre de 1961 (modificado por Decreto 3494/1964, de 5 de noviembre, BOE del día 6) y artículo 4º, 4ª de la Instrucción de 15 de marzo de 1963.

Queda abierta a información pública por el plazo de diez días hábiles, contados a partir de la publicación, para que los que se consideren afectados de alguna forma por la actividad que se pretende establecer puedan hacer las observaciones pertinentes, para lo que se anunciará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de edictos. Además se efectuará notificación personal a los vecinos inmediatos al lugar de emplazamiento propuesto.

Se adjuntarán al expediente las reclamaciones u observaciones que se presenten, se someterá a informe del jefe provincial de Sanidad lo mismo que al del arquitecto municipal, que lo emitirán por separado en el plazo máximo de diez días naturales.

A la vista de estos antecedentes, la Corporación Municipal deberá incorporar al expediente su informe, conforme al apartado c), número 2, artículo 30, del reglamento citado.

Una vez completo el expediente, con la solicitud y sus documentos anexos, con el resultado de la información pública y con los informes de los técnicos correspondientes y el de la Corporación Municipal, se remitirá todo, inmediatamente, a la Comisión Provincial de Medio Ambiente para el trámite de calificación.

Celanova, 9 de diciembre de 2005. El alcalde.

R. 5.728

##### Muíños

Ó non presentaren reclamacións contra o acordo de aprobación inicial do Pleno deste Concello do 28 de outubro de 2005 do Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia, así como da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do dito servizo, de conformidade co que se acordou no sentido de que de non presentaren reclamacións contra a aprobación inicial no prazo de exposición ó público, entenderíase como aprobación definitiva, sen que se necesitara adoptar un novo acordo plenario que o declare, apróbase con carácter definitivo o regulamento e ordenanza municipal referidos, sendo o seu texto o que figura como anexos I e II deste edicto.

Contra a súa aprobación definitiva cabe interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que se contarán a partir da data da íntegra publicación do regulamento e ordenanza municipal no BOP.

Muíños, 26 de decembro de 2005. O alcalde,

###### Anexo I

Regulamento do réxime interno do Punto de Atención á Infancia

###### Capítulo 1

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1.- Obxecto: O presente regulamento ten por obxecto establece-la organización e funcionamento do Punto de Atención Infantil (en diante PAI) do Concello de Muíños.

Artigo 2.- Constitúe o ámbito de aplicación do presente Regulamento o PAI do Concello de Muíños que se configura como equipamento diúrno e titularidade municipal, encadrado nos Servizos Sociais do Concello, que ten como finalidade prestar unha atención de apoio ós pais, tutores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Artigo 3.- O PAI cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ós seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos/as nenos/as. O PAI cooperará estreitamente cos pais, tutores ou representantes legais co fin de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral e conseguí-la maior integración entre o centro e as familias.

###### Capítulo II

Obxectivos do centro

Artigo 4.- O obxectivo xeral do PAI é a promoción da integración e o fomento da igualdade.

Artigo 5.- Para o logro deste obxectivo o PAI programará actividades para promove-la igualdade entre os/as nenos/as e



evita-los comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo e porá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustración que se utilicen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias. A integración dos nenos/as con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais estará supeditada á existencia de condicións infraestruturais idóneas e de persoal adecuado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber máis dun/dunha neno/a de integración por aula.

#### Capítulo III

##### Idades

Artigo 6.- A idade mínima de ingreso queda establecida en 3 meses, polo que poderán solicitar praza no PAI de Muíños os/as nenos/as con idades comprendidas entre os maiores de 3 meses e os que non teñan cumpridos os 4 anos antes do 31 de decembro do ano en curso.

No suposto de existiren prazas vacantes, fóra do horario escolar poderanse admitir nenos/as de máis de 3 anos.

Así mesmo, no suposto de haber prazas vacantes, poderanse admitir a nenos/as residentes nos concellos que configuran a comarca da Limia.

#### Capítulo IV

##### Procedemento de ingreso

Artigo 7.- Solicitudes: As solicitudes de novo ingreso, incluso para aqueles pais que requiran este servizo por horas, facilitaranse no PAI ou no concello, presentándose no Rexistro do Concello. Esas solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

##### 1) Documentación xustificativa da situación familiar:

a) Libro de familia, onde apareza o alumno para o que se solicita o ingreso.

b) DNI ou pasaporte dos pais, titores ou representantes legais.

c) Certificado de empadramento e convivencia expedido polo concello.

##### 2) Documentación complementaria:

a) Certificado médico do neno/a, que informe de que o menor non padece enfermidade infecto - contaxiosa.

b) Carné de vacinación actualizado.

c) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente.

d) Unha fotografía tamaño carné.

e) Autorización por escrito das persoas que poden recollelo/a neno/a.

f) No caso de que o menor estea suxeito a algún tipo de tratamento médico, será necesaria a autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais, indicando as características do tratamento e as horas de administración da dose correspondente.

g) Informe dos pais, titores ou representantes legais no caso de que o menor manifeste algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, glute ...) e física (ós materiais como pinturas, ceras, xiz ...).

h) Se consideran estar incursos nunha das causas que motiva reducións ou bonificacións na tarifa (familia numerosa, máis dun fillo no PAI, mala situación económica) deben manifestalo por escrito.

Artigo 9.-prazo de presentación de solicitudes e corrección de defectos

9.1. O procedemento e prazos de reserva de praza, de solicitude e ingreso publicarase anualmente no taboleiro de anuncios do concello.

9.2. As solicitudes presentadas fóra de prazo da convocatoria serán tramitadas para a súa inclusión na lista de espera.

9.3 No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencias, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

9.4 Se a solicitude non reunise tódolos requisitos establecidos requirirase ó interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, trala resolución, concedéndolle un prazo para iso de 10 días naturais a partir da data de finalización de presentación de solicitudes.

#### Artigo 10.-Criterios para a admisión de alumnos/as no pai.

Con carácter xeral daráselles preferencia ás solicitudes pertencentes a unidades familiares con empadramento no Concello de Muíños; así mesmo respectarase a orde de presentación das solicitudes reservándose un 5% do total de prazas para casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

Artigo 11. A Xunta de Goberno, tralo informe dos servizos sociais, será quen resolva os expedientes de solicitude de ingreso no PAI.

Resoltos os expedientes farase pública a relación provisional de admitidos, excluídos e pendentes en lista de espera. Contra esta resolución os solicitantes poderán presentar as reclamacións, debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 15 días contados a partir da data de publicación da relación provisional.

#### Capítulo V

##### Altas e baixas no centro

Artigo 12.-A concesión do ingreso no PAI quedará sempre supeditado ó número de prazas vacantes, comezando a concesión polas solicitudes presentadas en primeiro lugar.

O prazo para a matriculación anunciarase debidamente e con antelación suficiente, no taboleiro do PAI e no do concello. Se finalizado o período de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

As solicitudes que non acadaran praza no PAI pasarán á lista de espera. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de chegada.

Artigo 13.-Os nenos/as de familias incluídos nos programas de intervención familiar da Consellería de Igualdade e Benestar e que veñan desenvolvendo os Servizos Sociais municipais serán admitidos no PAI con carácter preferente. Así mesmo, cando un irmán ou irmá do/a solicitante teña praza, este será admitido automaticamente, sempre que haxa prazas vacantes no seu grupo.

Artigo 14.- Baixas: causarase baixa no PAI por algunha das circunstancias seguintes:

- Por incumprimento da idade regulamentaria de permanencia do centro.

- Por solicitude dos pais, titores ou representantes legais. Por negativa a aboa-la tarifa aplicada.

- Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados coa solicitude.

- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro (que serán resoltas pola dirección do PAI).

- Por incumprimento reiterado das normas do PAI as baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que queden na lista de espera en cada grupo de idade por rigorosa orde de chegada.



## Capítulo VI

### Tarifas

Artigo 15.- A utilización do PAI do Concello de Muíños comportará o pagamento en concepto de asistencia infantil das tarifas establecidas na correspondente ordenanza municipal.

## Capítulo VII

### Organización interna

Artigo 16.- Horario de servizos.

O PAI poderá prestar servizo durante todo o ano (excepto 1 mes ó ano, que se empregará para vacacións e limpeza xeral do centro e que será o mes de agosto, agás o primeiro ano que será coincidindo coas vacacións de Nadal) agás sábados, domingos e festivos.

O PAI permanecerá aberto, en principio, dende as 08.00 h da mañá ata as 19.00 h da tarde, ininterrompidamente. Malia isto este horario é orientativo e pode variar en función das necesidades dos pais e dos medios municipais.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche, figurarán no taboleiro de anuncios do PAI. A organización do horario terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagóxicas e sociais dos/as nenos/as. Teranse en conta as posibilidades de mantemento da atención os/as nenos/as nas diferentes situación e actividades que se organicen.

Artigo 17.- O PAI terá un libro de reclamacións a disposición dos usuarios. O persoal do centro porá en coñecemento da Alcaldía do concello o contido das reclamacións de xeito periódico agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata

## Capítulo VIII

### Normas de seguridade e hixiene

Artigo 18.- Os nenos deberán acudir ó PAI en condicións de saúde e hixiene que non impliquen riscos para si mesmos nin para outros/as nenos/as, non admitindo os nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas en fase aguda de contaxio. A aparición desas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, tutores ou representantes legais ó persoal do centro.

No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro avisaranse ós seus pais, tutores ou representantes legais, co fin de evita la propagación da enfermidade entre os demais nenos/as. O reingreso no centro só será posible logo de transcrito o período de contacto e tralo informe médico que acredite tal circunstancia.

Artigo 19.- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atención "in situ" e a maior brevidade posible poñerase a dita circunstancia en coñecementos dos pais, tutores ou representantes legais dos/as nenos/as e se é o caso procurarase que o / a neno / a reciba a atención médica axeitada, estando facultada, a dirección do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios para tal fin.

Artigo 20.- Cando se produza a falta de asistencia ó centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou a outras circunstancias os pais, tutores ou representantes legais deberán comunicar este feito a dirección do centro.

Artigo 21.- Nos casos en que se deban administrar medicamentos ós/as nenos/as deberán ir acompañados de receita médica, actualizada á data do tratamento, no que constará o nome do/a neno/a o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada así mesmo da autorización por escrito dos pais, tutores ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Artigo 22.- Os pais, tutores ou representantes legais deberán proporcionarlle ó centro o material (cueiros, medicinas, bibeiros, e calquera outra peza de roupa) necesario para unha axeitada atención e hixiene dos menores).

Nos casos de período de lactación os pais, tutores ou representantes legais deberán proporcionar ó centro a alimentación que veñan recibindo os menores, así como os elementos precisos para a súa subministración.

Artigo 23.- Tódolos nenos/as que usen cueiros deberán traer un paquete e un bote da toallíñas, que deberá repoñerse cando sexa preciso. Serán cambiados na medida que o precisen, Os nenos/as terán sempre unha muda completa de reposto. Tódolos que anden deberán traer un mandilón, unha toalla e un vaso. Se o neno/a ten piollos quedará na casa ata que se eliminen. En caso de que o neno/a teña febre, diarrea, vómitos ou enfermidade contaxiosa deberá deixa-lo/a neno/a na casa ata que sande.

## Capítulo IX

### Artigo 24.- Dereitos dos usuarios

-Acceder ó centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios.

- O sivillo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.

- A participación dos/as pais/nais nas actividades educativas como: festas escolares, contacontos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos/as nenos/as.

- A asociárense co obxecto de favorece-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades do centro.

- A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pedir explicacións de canto afecta á súa propia educación.

### Disposición derradeira

Para o non previsto neste regulamento estaranse ó disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 7/1985, do 2 de abril, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 4/1993, de servizos sociais, Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega de familia, a Orde do 29 de febreiro de 1996 pola que se regulan os requisitos específicos que deben reuni-los centros de atención a infancia

Muíños, 26 de outubro de 2005. O alcalde.

## Anexo II

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3.- Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, para os efectos das súas relacións coa facenda pública.

Artigo 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3.- No caso de sociedades ou entidades disolvidas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adjudicase.

4.- A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5.- As débedas por este imposto serán esixibles ás persoas físicas e xurídicas que sucedan ó debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 5º.- Exencións.

Están exentos do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexa propietario o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas ó imposto, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e as súas augas residuais, aínda que a súa xestión a leven a cabo organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de mera conservación

Artigo 6º.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese

se por tal, a estes efectos, o custo da execución material daquelas.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, se é o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Artigo 7º.- Tipo de gravame e cota.

1.- O tipo de gravame será o 2,9 por 100.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- Establécense como cotas mínimas as seguintes:

Obras de nova planta, 90 euros.

Obras menores, 40 euros.

Estas cotas mínimas serán de aplicación cando as contías resultantes da aplicación do disposto nos apartados primeiro e segundo deste artigo sexan inferiores ás fixadas como mínimas.

Artigo 8º.- Bonificacións.

1.- Concédese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, trala solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 9º.- Percepción do imposto.

A natureza xurídica do imposto nacerá no momento de iniciarse a construción, a instalación ou obra, aínda que non se obtivera a licenza correspondente.

Artigo 10º.- Normas de xestión.

1. Cando se conceda a preceptiva licenza ou cando, sen que se solicitase, se concedese ou denegase a devandita licenza, comece a construción, a instalación ou a obra, practícase unha liquidación provisional a conta, para o cal o interesado deberá presentala autoliquidación segundo o modelo determinado polo Concello e simultaneamente ingresará nos fondos municipais a cota que resulte.

A liquidación á que se refire este apartado practícase utilizando como base imponible a que resulte do orzamento presentando polos interesados, sempre que este fose visado polo colexio oficial correspondente. Noutro caso, a base imponible determinarana os técnicos municipais en función dos módulos establecidos oficialmente polo colexio de arquitectos.

2. O Servizo de Urbanismo comunicará á Secretaría-Intervención os actos de concesión da licenza para as actividades suxeitas a tributación achegando unha copia do orzamento presentado polos interesados no proxecto ó que se refire a licenza concedida.

3. No caso de non se executaren as obras, as construcións ou as instalacións, o interesado terá dereito á devolución do ingreso logo de formula-la renuncia expresa á licenza ou de que transcorrese o tempo máximo previsto nela para o comezo das obras e, consecuentemente, caducase a licenza.

4. Logo de rematada a construción, a instalación ou a obra, e tendo en conta o seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación modificará, de se-lo caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo, ou reintegrándolle, de se-lo caso, a cantidade que corresponda.





Cando se produza calquera circunstancia que mudase o custo real e efectivo das obras, das construcións ou das instalacións que serviu de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, a declaración complementaria e a ingresar simultaneamente o importe que resultara.

As devolucións, cando proceda, axustaranse ó procedemento establecido para as devolucións dos ingresos indebidos.

Artigo 11º.-Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e demais disposicións complementarias.

2. En todo ó relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

Artigo 12º.-Regulación supletoria.

No que non sexa expresamente previsto na presente ordenanza rexerán os preceptos contidos na subsección 5ª da sección 3ª, do capítulo II, do título II do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, concordantes e complementarios deste, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día 15 de novembro de 2005, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 15 de novembro de 2005. O alcalde.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo

Capítulo I.- Natureza e fundamento

Artigo 1º .

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004 que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do antedito Real decreto lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola recollida de lixo que se rexerá pola presente ordenanza.

Capítulo II.- Feito imponible

Artigo 2º.-

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertidos esixa

a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

a. Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

b. Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.

c. Recollida de entullos de obras.

Capítulo III- Suxeito pasivo e responsables

Artigo 3º.-

1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou empreguen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propiedade ou de usufruario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ou propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.-

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 175 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que fai referencia igualmente a Lei xeral tributaria nos artigos 43 e 176.

Capítulo IV. Exencións e bonificacións

Artigo 5º.-

Non se recoñecen exencións a esta taxa, xa que dado o carácter hixiénico e sanitario e de interese xeral, o servizo é de obrigatoria aplicación e pagamento para toda persoa física ou xurídica, sen ningunha excepción, quedando totalmente prohibido verter lixo en todo o territorio municipal.

Capítulo V. Cotas.

Artigo 6º.-

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Conceptos; Importe anual.

1.- Vivendas de toda clase; 36,00 €

2.- Cafés, bares, tendas, farmacias, carnicerías, peixerías e demais comercios e industrias polo miúdo; 60,00 €

3.- Bancos e caixas de aforros; 150,00 €

4.- Estacións de servizo-gasolineiras; 150,00 €

5.- Xestorías, axencias, oficinas ou similares; 80,00 €

6.- Talleres, industrias, almacéns, áreas comerciais e similares non tarifados:

Ata 200 m<sup>2</sup>; 83,00 €

De 200 m<sup>2</sup> a 500 m<sup>2</sup>; 180,00 €

De máis de 500 m<sup>2</sup>; 470,00 €

7.- Garaxes, venda de rodas e similares; 150,00 €

8.- Clínicas e consultorios; 80,00 €

9.- Salas de festas - discotecas e similares ata 150 m<sup>2</sup>; 250,00 €

10.- Salas de festas - discotecas e similares de máis de 150 m<sup>2</sup>; 470,00 €

11.- Imprentas de ata 150 m<sup>2</sup>; 145,00 €

12.- Imprentas de máis de 150 m<sup>2</sup>; 200,00 €

13.- Restaurantes:

De comedores ata 100 m<sup>2</sup>; 140,00 €

De comedores de máis de 100 m<sup>2</sup>; 235,00 €



## 14.- Residencias e hotéis:

Ata 50 prazas; 150,00 €

De máis de 50 prazas; 235,00 €

## 15.- Colexios, instalacións deportivas, residencias e outras grandes superficies; 490,00 €

## 16.- Supermercados:

Ata 150 m<sup>2</sup>; 150,00 €De máis de 150 m<sup>2</sup>; 235,00 €

## 17.- Retirada de vehículos automóbiles pequenos (por servizo); 200,00 €

## 3. Observacións especiais:

A petición dos interesados e sendo posible en vista do sistema de organización, poderán establecerse modalidades especiais de recollida para algún caso dos comprendidos na presente ordenanza, fixándose en tal suposto as tarifas, que, en ningún caso, serán inferiores ás especificadas, segundo concerto no que se terán en conta os prezos unitarios que rexan en cada momento, segundo o réxime económico vixente entre o Concello e o concesionario.

Cando polas especiais circunstancias dalgún dos establecementos, colexios, instalacións recreativo-deportivas, grandes áreas comerciais ou similares, que polas súas características xeren cantidades considerables de lixo, de maneira que a taxa establecida non cubra os custes do servizo, procederase de forma individualizada á sinalización dunha taxa especial seguindo os mesmos criterios sinalados no apartado anterior, segundo os custos unitarios que rexan en cada momento.

## VI.- Vencemento

## Artigo 7º.-

1. Vence a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas vencerán o primeiro día de cada ano natural, salvo que o vencemento da taxa se producise con posterioridade á dita data, en cuxo caso a primeira cota vencerá o primeiro día do ano seguinte.

## VII.- Administración e cobranza

## Artigo 8º.-

1. Formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes e as cotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza. As altas ou incorporacións que non sexan a petición propia, e notificaranse persoalmente ós interesados. Unha vez incluído no padrón, non será necesaria notificación persoal ningunha, sendo suficiente a publicidade no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios municipal, para que se abra o período de pagamento de cotas.

2. As baixas deberanse cursar antes do derradeiro día laboral do respectivo exercicio para producir efectos a partir do seguinte.

As altas que se realicen dentro do exercicio, producirán efectos dende a data na que naza a obriga de contribuír. A administración liquidará, no momento da alta, a taxa procedente e quedará automaticamente incorporado ó padrón para seguintes exercicios.

3. A taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, vencerase por anos completos, o día primeiro de cada exercicio.

A cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario e a súa prorroga, faranse efectivas pola vía de constrinximento consonte coa normas do Regulamento xeral de recadación.

## VIII. Infraccións e sancións.

## Artigo 9º.-

En todo o relativo ás infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que a estas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas da Lei xeral tributaria e demais disposicións complementarias.

## Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 15 de novembro de 2005, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 15 de novembro de 2005. O alcalde.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos urbanísticos

## Capítulo I . Natureza e fundamento

## Artigo 1º

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do antedito Real decreto lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa por prestación de servizos urbanísticos que se rexerá pola presente ordenanza.

## Capítulo II. Feito imponible

## Artigo 2º .

Constitúe o feito imponible da presente taxa a realización da actividade municipal, técnica ou administrativa que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito pasivo, necesaria para a prestación dos seguintes servizos urbanísticos:

a) Consultas previas, informes e certificados urbanísticos.

b) Cédulas urbanísticas.

c) Programas de actuación urbanística, plans de sectorización e plans especiais.

d) Outros proxectos complementarios de planeamento.

e) Estudos de detalle.

f) Proxectos de estudos medioambientais.

g) Parcelacións e segregacións.

h) Proxectos de urbanización.

i) Proxectos de delimitación de ámbitos de actuación.

j) Proxectos de compensación e de reparcelación.

k) Outros proxectos de xestión urbanística.

l) Entidades urbanísticas colaboradoras, bases, estatutos e constitución.

m) Expropiación forzosa a favor dos particulares.

n) Demarcacións de aliñacións e rasantes.

o) Cambios de uso.

p) Licenzas urbanísticas, incluídas as provisionais, así como as solicitudes de renovación destas.

q) Licenzas de ocupación.

r) Expedientes de normalización de fincas.

s) Expedientes de concesión de obra urbanizadora.

t) Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios.

u) Solicitudes de edificación forzosa por axente edificador.

v) Tramitación de expedientes de acreditación da existencia do certificado de inspección periódica de edificacións.

## Capítulo III. Suxeito pasivo e responsables

## Artigo 3º .



1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas polo outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, os construtores e contratistas de obras.

Artigo 4º .

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 175 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades as que fai referencia igualmente a Lei xeral tributaria nos artigos 43 e 176.

Capítulo IV. Bases, tipos de gravame e cotas.

Artigo 5º.

As cotas tributarias que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos especificados no artigo 2º determinaranse mediante a aplicación dos seguintes cadros de tarifas e cotas que se establecen nos puntos seguintes.

1. Pola tramitación de proxectos de compensación, proxectos de sectorización, estudos de detalle, proxectos de reparcelación e propostas de equidistribución, plans parciais e plans especiais satisfarase unha cota de 600,00 euros.

2. Pola tramitación de solicitudes de cambio do sistema de xestión urbanística, non incluídas nos proxectos de compensación, proxectos de reparcelación e propostas de equidistribución, satisfarase unha cota de 150,00 euros.

3. Pola tramitación de expedientes de expropiacións forzosas por motivos urbanísticos cuxo beneficiario non sexa o Concello, satisfarase unha cota de 600,00 euros.

4. Pola tramitación de expedientes de normalización de predios en solo urbano (artigo 122 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004), satisfarase unha cota de 250,00 euros.

5. Pola tramitación de expedientes de concesión de obra urbanizadora (artigo 161 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004), satisfarase unha cota de 750,00 euros.

6. Pola tramitación de solicitudes de licenzas urbanísticas de obra maior ou menor, satisfarase unha cota equivalente ó 0,10 % do presuposto de execución material destas.

7. Pola tramitación de proxectos técnicos necesarios para poder iniciar as obras e que completen ó inicialmente presentado que obtivo licenza, satisfarase unha cota de 75,00 euros.

8. Pola tramitación de solicitudes de prórroga de licencias xa concedidas, satisfarase unha cota de 40,00 euros.

9. Pola tramitación de expedientes de solicitude de autorizacións autonómicas necesarias para o solo rústico, satisfarase unha cota de 100,00 euros.

10. Pola tramitación de licenzas urbanísticas de parcelación de predios (artigo 204 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004), satisfarase unha cota de 75,00 euros.

11. Pola tramitación de licenzas de primeira ocupación satisfarase unha cota de 100,00 euros.

12. Polo sinalamento de aliñacións e rasantes, por metro lineal de fachada satisfarase unha cota de 0,78 euros.

13. Polos cerramentos de soares, muros de hortas e outros terreos á vía pública, por metro lineal, satisfarase unha cota de 0,31 euros.

14. Por muros de cerramento, aramados que non recaian á vía pública, por metro lineal, satisfarase unha cota de 0,19 euros.

15. Pola tramitación de expedientes contradictorios de ruína satisfarase unha cota de 240,00 euros.

16. Pola tramitación de solicitudes de edificación forzosa por axente edificador a instancia de parte (artigo 192 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004), satisfarase unha cota de 250,00 euros.

17. Pola tramitación de expedientes de acreditación da existencia do certificado de inspección periódica de edificacións (artigo 200 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004), satisfarase unha cota de 100,00 euros.

18. Pola emisión de informes técnicos ou xurídicos solicitados expresamente a instancia de parte e que non teñan relación directa con calquera dos expedientes arriba mencionados, satisfarase unha cota de 50,00 euros.

19. Por cada solicitude de condicións urbanísticas ou de edificación, satisfarase unha cota de 15,00 euros.

20. Polos cambios de uso das edificacións, satisfarase unha cota de 40,00 euros.

21. Por cada certificado referido á antigüidade de edificacións satisfarase unha cota de 60,00 euros.

22. Copias relativas a expedientes urbanísticos:

Copia simple: 0,60 euros/documento.

Copia compulsada: 2,00 euros/documento.

23. Sen prexuízo do aboamento das taxas previstas nos artigos anteriores, e con independencia destas, tamén quedarán suxeitos ó aboamento da presente taxa a realización das actividades e instalacións que se enumeran a continuación:

a) instalación de caldeiras para a produción de auga quente central en edificios particulares, cada unha , 12,00 euros.

b) Ídem, cando se trate de caldeiras individuais para cada vivenda ou dependencia da edificación , por cada unidade 3,00 euros.

c) Instalación de depósitos de combustibles derivados do petróleo para a alimentación das caldeiras mencionadas no apartado a) do presente artigo, por cada unidade 5,00 euros.

d) Rebaixes de bordo na vía pública , por cada metro lineal ou fracción, 3,00 euros.

e) Colocación de mostradores , expositores e similares , por cada metro lineal ou fracción , 1,00 euro.

f) Colocación ou substitución de portas de baixos comerciais, metálicas ou de madeira, sexan ou non enrolables, por cada unidade 6,00 euros.

g) Colocación de rótulos e bandeirolas publicitarias, así como a súa substitución , por cada metro cadrado ou fracción , 6,00 euros.

h) Colocación de toldos fixos ou móbiles, así como a súa substitución, por cada metro cadrado, 1,50.

i) Instalacións de conducións eléctricas aéreas por medio de tendidos xerais, cables illados, etc, por cada metro lineal, 0,80 euros.

j) Ídem , subterráneas , por cada metro lineal, 0,80 euros.

k) Reparación de todo tipo de conducións subterráneas existentes, por cada metro lineal, 0,80 euros.

l) Instalación de ascensores ou elevadores en edificios existentes, por cada parada que se proxecte, 6,00 euros.

m) Instalación de montacargas en edificacións existentes. Por cada parada que se proxecte, 3,00 euros.

n) Instalación de aparellos frigoríficos ata 2 HP de potencia, por cada unidade, 6,00 euros. Cando superen a dita potencia, por cada unidade, 12,00 euros.



o) Instalación de aparellos de aire acondicionado colectivos ó servizo de toda a edificación, 18,00 euros.

p) Instalación de aparatos de aire acondicionado individuais para cada vivenda ou peza da edificación, por cada unidade, 6,00 euros.

Capítulo V. Non suxeición, exencións e bonificacións

Artigo 6º.

Non están suxeitas á presente taxa as seguintes actividades ou solicitudes:

As pinturas e vernizados interiores das vivendas.

A realización de obras por mor dunha orde de execución emitida polo Concello, por razóns de seguridade, salubridade, ornato público e interese turístico e estético.

Os traballos de limpeza, roza e xardinería no interior de soares, terreos ou predios, cando non se produza alteración da rasante do terreo nin destrución de xardíns existentes ou a corta de árbores.

As denuncias de presuntas infraccións urbanísticas presentadas por particulares no exercicio da acción pública en materia de urbanismo.

Calquera actividade ou solicitude que se vaia realizar ou sexa instada por parte doutras administracións públicas, cando se leve a cabo ou se refira a soares, terreos, edificios ou instalacións que teñan a condición de bens de dominio público ou patrimoniais do Concello.

Artigo 7º.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Capítulo VI. Percepción da taxa.

Artigo 8º.

A taxa percibirase e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se fixera o pagamento correspondente.

VII. Infraccións e sancións.

Artigo 9º.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como nas sancións que a estas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas da Lei xeral tributaria e demais disposicións complementarias.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día 15 de novembro de 2005, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 15 de novembro de 2005. O alcalde.

Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar

Capítulo I. Natureza e fundamento

Artigo 1º.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do antedito Real decreto lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos de axuda no fogar, considerado como un servizo globalizado no propio fogar dos usuarios que inclúe varias prestacións, entre as que destacan as

de teleasistencia domiciliaria, que se rexerá pola presente ordenanza.

Capítulo II.- Feito imponible

Artigo 2º.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de axuda no fogar nas modalidades e coas características establecidas nos capítulos I e II do regulamento do servizo que se une como anexo I á presente ordenanza.

Entre as distintas prestacións consideradas é necesario destacala de teleasistencia domiciliaria, que se desenvolve de acordo co establecido no convenio de adhesión ó Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Ourense.

Capítulo III.- Obrigas de pagamento

Artigo 3º.

A) Estarán obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza tódolos veciños ós que se lles resolva favorablemente a súa solicitude de axuda no fogar, segundo o sinalado no artigo anterior e de conformidade co establecido no artigo 8º da mencionada ordenanza reguladora.

B) A obriga do pagamento por parte dos usuarios nace dende o momento no que se comece a presta-lo servizo de forma efectiva.

C) As liquidacións das taxas practícaranse por meses naturais vencidos e pagaránse na primeira semana do mes seguinte na conta específica para este cobro que ten o Concello en Caixanova do Pereiro de Aguiar, excepto no caso de que o SAF se limite tan só á prestación de teleasistencia domiciliaria que se pagará trimestralmente, posto que os importes son moito máis reducidos.

D) As persoas que estean recibindo o SAF e se ausenten do seu domicilio por vacacións, enfermidade ou viaxes, deberán avisar con antelación ó departamento de Servizos Sociais do Concello. Durante ese tempo, se desexan que se lles reserve praza dentro do SAF, terán que seguir aboando a cota mensual correspondente.

E) No caso de que o beneficiario solicitase unha baixa voluntaria no servizo ou cando este non puidera prestarse por causas imputables ó propio usuario, practícarase a liquidación mensual correspondente a todo o mes no que esta se produza. Se pola contra, a devandita baixa fora debida a causas non imputables ó propio usuario, a liquidación referirase soamente ós días concretos nos que se lle prestou o servizo.

F) Se o beneficiario non fai efectivo o pagamento, será apercibido e deberá responsabilizarse dos gastos que ocasione o devandito aviso. De ser reincidente, os Servizos Sociais deberán informar á Xunta de Goberno Local para que adopte a oportuna resolución, podendo causar baixa no SAF.

G) Se os beneficiarios falsean ou omiten a declaración da totalidade dos seus recursos económicos, tanto persoais como tamén dos familiares que integran o seu fogar, co fin de aproveitarse dun servizo subvencionado ó que poderían non ter dereito, deberán devolver parcial ou totalmente o custo do servizo que recibiran. Neste caso, unha vez incoado o expediente e determinada a responsabilidade do usuario do servizo, practícarase a correspondente liquidación, que será esixible polo procedemento de constrinximento.

Capítulo IV.- Financiamento

Artigo 4º.

O servizo de axuda no fogar do Concello do Pereiro de Aguiar financiarase, con carácter xeral:

- A través dos fondos da Xunta de Galicia

- A través das subvencións ou convenios subscritos polo concello, así como das achegas que figuran non seus orzamentos



- Das contribucións dos propios beneficiarios do servizo, nos casos nos que proceda.

#### Capítulo V.- Contía e custo do servizo

##### Artigo 5º.-

A) De acordo co establecido no capítulo IV da Ordenanza reguladora do SAF, a contía da taxa calcularase a partir do custo por hora de servizo prestado, que se fixa inicialmente en 9,32 €, que inclúe non só os gastos derivados da asistencia recibida, senón tamén os administrativos e de seguimento e coordinación. Esta cota é revisable anualmente e de forma automática, segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

A prestación de teleasistencia domiciliaria é totalmente de balde para os veciños, segundo o acordo que adoptou o concello ó adherirse ó Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Ourense, asumindo a parte correspondente ós usuarios posto que este servizo está cofinanciado tamén polo Imsero e pola Xunta de Galicia.

B) Cada beneficiario do SAF participará economicamente de acordo cos seus ingresos persoais e de toda a unidade familiar, así como en función do número de horas de servizo recibidas, polo que se lle establecerá unha media de número de horas mensuais de atención que dará orixe a unha contía fixa para o custo mensual do servizo.

C) Para a aplicación das tarifas de cobro teranse en conta os seguintes conceptos:

- A renda mínima (RM) que é o importe íntegro da pensión non contributiva para cada ano, tendo en conta as pagas extraordinarias.

- A renda per cápita mensual familiar (RCP), tendo en conta as pagas extraordinarias.

Para fixa-la RCP mensual divídiranse entre 14 tódolos ingresos que perciba a persoa ou persoas que constitúan o fogar (teñan ou non relación de parentesco) en concepto de retribucións ou salarios, rendas, pensións, prestacións, subsidios ou por calquera outro título, así como os intereses do capital mobiliario cando superen os 600,00 €.

Para remata-lo cálculo, a cantidade resultante divídese entre o número de persoas que constitúen a unidade familiar.

No suposto de percepción de ingresos irregulares tomarase como referencia a media dos obtidos nos doce meses anteriores á solicitude e rateados entre 14.

#### Capítulo VI.- Tarifas

##### Artigo 6º.-

1) A tarifa ou porcentaxe da contribución económica dos usuarios para financia-lo servizo establécese de acordo cos seus niveis de renda segundo un baremo económico, elaborado en función de nove intervalos de contribución que se incrementan gradualmente nun 10% (de 0 a 100%), sendo o seu nivel máis baixo o importe mensual de renda mínima (RM) para cada ano, e aumentando cada 100 € de renda per cápita mensual familiar (RPCMF).

2) A taxa que deberán pagar polo SAF por cada hora de traballo será a seguinte:

Tramos de achega; Porcentaxe; Custo hora/ servizo

- De 0 a 288,79 €/mes; 0 %; 0 €
- De 288,80 €/mes a 388,79 €/mes; 10 %; 0,97 €
- De 388,80 €/mes a 488,79 €/mes; 20 %; 1,93 €
- De 488,80 €/mes a 588,79 €/mes; 30 %; 2,90 €
- De 588,80 €/mes a 688,79 €/mes; 40 %; 3,86 €
- De 688,80 €/mes a 788,79 €/mes; 50 %; 4,83 €
- De 788,80 €/mes a 888,79 €/mes; 60 %; 6,76 €
- De 888,80 €/mes a 988,79 €/mes; 70 %; 7,45 €
- Máis de 988,80 €/mes; 80 %; 9,32 €

3) Quedan exentos do pagamento da taxa os usuarios con RPC mensual por debaixo da RM.

Tamén se considera a posibilidade de presta-lo servizo gratuitamente para as situacións de intervención familiar de oficio dentro do programa de educación familiar, para os casos de integración sociolaboral de minusválidos, nas intervencións en casos de menores e nos casos especiais que proponan os traballadores sociais do Concello.

#### Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día 15 de novembro de 2005, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 15 de novembro de 2005. O alcalde.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa sobre a prestación de servizos técnicos municipais por uso de maquinaria (tractor-rozadora)

#### Capítulo I . Natureza e fundamento

##### Artigo 1º -

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigos 6 e 329 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e ó abeiro dos artigos 15 a 19, en relación cos artigos 20 e seguintes do antedito Real decreto legislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos técnicos municipais por uso de maquinaria (tractor-rozadora), que se rexerá pola presente ordenanza.

##### Artigo 2º -

Constitúe o obxecto desta exacción a utilización dos servizos técnicos municipais comprensible de uso de maquinaria de propiedade municipal solicitada a instancia de persoas naturais, xurídicas, públicas ou privadas, en especial, o tractor-rozadora.

#### Capítulo II. Feito imponible e obriga de contribuir

##### Artigo 3º -

O feito imponible está constituído pola prestación do servizo con maquinaria do parque municipal do Concello.

O servizo, trala xustificación do interese público, pode ser susceptible de ser prestado fóra do termo municipal.

##### Artigo 4º -

A obriga de contribuir nacerá dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo e se utilice a maquinaria do Concello.

#### Capítulo III. Suxeito pasivo

##### Artigo 5º .

Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas que soliciten, mediante instancia para o efecto, a prestación do servizo.

##### Artigo 6º.-

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 175 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que fai referencia igualmente a Lei xeral tributaria nos artigos 43 e 176.

#### Capítulo IV. Tarifas

##### Artigo 7º.-

As tarifas que se aplicarán son as que de seguido se detallan:

a) Utilización de tractor rozadora:

Empadroados no concello: 18,00 € (dezaioito euros) / hora



Non empadroados no concello: 25,00 € (vinte e cinco euros)/hora

b) Os contratistas adjudicatarios de obras municipais que se beneficien do servizo abonarán a tarifa de 30,00 €/hora (trinta euros por hora).

c) Prestación do servizo fóra do termo municipal: 30,00 €/hora (trinta euros por hora) máis 0,30 €/quilómetro (cerca trinta euros por quilómetro).

d) As comunidades de montes de man común constituídas por veciños do Concello, así como a limpeza arredor dos núcleos de poboación (art.12.1), por razóns de interese público decláranse exentas no aboamento de tarifas, sempre e cando da dita intervención non se derive un interese económico.

Capítulo V. Administración e cobranza

Artigo 8º.-

Todo usuario do servizo de maquinaria a que se refire a presente ordenanza deberá solicitala por escrito mediante o modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais.

A petición formulada será resolta pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, segundo a urxencia do caso, mediante resolución que disporá a utilización do servizo de maquinaria, segundo a dispoñibilidade, sen que sexa obrigatorio, en ningún caso, acceder ó solicitado polo interesado.

Acordada a prestación do servizo este poderase suspender por razóns de interese público, o que se comunicará inmediatamente ó usuario e sen que este teña dereito a indemnización ou contraprestación de resarcimento ó seu favor.

Artigo 9º.-

O modelo oficial de instancia recollerá entre outros datos: nome e apelidos do interesado, domicilio ou razón social, NIF ou CIF, denominación do predio, lugar, paraxe e parroquia, superficie para rozar, tipo de maleza, días solicitados, xornada de utilización prevista con indicación das horas estimadas para a prestación do servizo. Finalmente o interesado indicará se se trata de primeira utilización do servizo ou a prestación deste resulta en concepto de mantemento.

Artigo 10º.-

Prestado o servizo e practicada previamente á notificación da resolución o interesado procederá inmediatamente a aboa-liquidación practicada.

Artigo 11º.-

As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de constrinximento administrativo cando transcorran oito días dende o remate da utilización do servizo.

Artigo 12º.-

Considéranse partidas nulas ou créditos incobrables aquelas cotas que non se puideran facer efectivas polo procedemento de constrinximento. Esta declaración formalízase mediante o oportuno expediente e de acordo co previsto no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 13º.-

A prioridade na atención das solicitudes será por zonas, tendo en conta os seguintes baremos:

1. Índice de perigosidade de incendios, establecido segundo o criterio de Medio Ambiente. Nas zonas para limpar ó redor de núcleos de poboación, a superficie do terreo que se rozará será a que marquen as directrices dos técnicos medioambientais.

2. Solicitude agrupada de interesados para roce de superficie en común.

3. Solicitudes individuais en función da superficie e utilidade desta para o seu rendemento económico.

Capítulo VII. Infraccións e sancións.

Artigo 14º.-

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que a estas correspondan

en cada caso, e no procedemento sancionador, aplicaranse as normas da Lei xeral tributaria e demais disposicións complementarias, todo isto sen prexuízo de en cantas outras responsabilidades civís ou penais poidan concorre-los infractores.

Capítulo VIII. Actualización de tarifas

Artigo 15º.-

As tarifas establecidas na presente ordenanza estarán vixentes para o exercicio económico de 2006 e incrementaranse nun 5 por 100 (cinco por cento) cada ano, sen prexuízo das variacións que poidan sufri-los impostos que sexan de aplicación.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día 15 de novembro de 2005, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 15 de novembro de 2005. O alcalde.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos municipais de vertidos de augas residuais de calquera clase

Título I.- Fundamento e feito imponible

Artigo 1º.- Fundamento.

Dentro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos municipais de vertidos de augas residuais que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

3. Constitúe o feito imponible:

i. A actividade municipal, técnica e administrativa, que tende a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la toma na rede de saneamento municipal.

ii. A prestación dos servizos de evacuación de excretas, de augas pluviais, negras e residuais mediante a rede de sumidoiros municipais e o seu tratamento para depuralas.

4. Non estarán suxeitos á taxa os predios derrubados, declarados ruinosos, ou que teñan a condición de soar ou terreo.

Título II.- Suxeitos pasivos e responsables

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, é dicir:

a) Cando se trata da concesión da licenza de conexión á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.

b) Nos casos referidos no apartado 1.b.) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario.

2. En calquera caso terán a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, os propietarios destes inmobles que poderán repercutir, de se-lo caso, sobre os respectivos beneficiarios do servizo, as cotas pagadas.

Artigo 4º.- Responsables

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 175 da Lei xeral tributaria.



2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que fai referencia igualmente a Lei xeral tributaria nos artigos 43 e 176.

#### Título III.- Cotas tributarias

##### Artigo 5º.-

